

LIMIAR

CONTINUAREMOS A FACER XUSTIZA...

Tal é o título dun artigo¹ que escribemos poucos días despois de a Real Academia Galega eleger para a o Día das Letras Galegas de 2020 a persoa e a obra de Ricardo Carvalho Calero. Xustificabamos o futuro verbal a aquela altura (comezo do verán de 2019) no sinalamento dunha diacronía de camiños paralelos: a proscripción oficial na derradeira década longa da súa vida cadrou co recoñecemento continuado dun outro universo cultural e asociativo, cuxos actos se podían contar, en conxunto, en miles de asistentes a palestras, seminarios, xornadas, homenaxes..., como tamén a público masivo estaba orientada a publicación de centos de artigos en prensa diaria, con excelentes dotes de comunicador, por certo, e con dilixente atención a eventos fundamentais da nosa historia contemporánea, desde aqueles anos iniciais da chamada autonomía galega que tantas veces contrariou o seu nome até a fin da súa vida, no inicio da primavera de 1990.

Desde aquel verán incipiente a hoxe, no canto de vinte meses, semella que se teñan pasado varios anos. Antes xa do inicio da primavera de 2020, todo se aqueloutrou, no comezo dunha mudanza que reclama máis reticencias ou puntos suspensivos que nada do coñecido até agora. Se botásemos man dun humor algo pueril, falaríamos dun *Begin the Beguine* que xa coñece varias edicións. Este tempo novo e adverso que abranxeu case todo 2020 e leva trazas de se alongar durante o presente ano e quen sabe aínda se no próximo, todo o alterou, e as celebracións ou actos culturais non ían ficar fóra desta mudanza.

1 Publicado en *La Voz de Galicia*, 26 de Xuño de 2019.

Esa foi a razón de que se valeu a Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura para, no 9 de Abril de 2020, adiantarse a solicitar á Real Academia Galega a extensión da celebración do Día das Letras Galegas ao ano 2021, á vista de todas as interrupcións e suspensións de actividades –ou, como mínimo, inconvenientes, particularmente no mundo do ensino– que xustificaban a tal petición.

Outras moitas asociacións e concellos do país sumáronse a esta iniciativa. Falabamos, daquela, de que un “semi-ano” como o 2020 e outro previsíbel “semi-ano”, como o 2021, ben autorizarían unha medida extraordinaria, como a prolongación do ano Carvalho Calero ao presente. A mesma Academia viuse obrigada a adiar, por dúas veces (do habitual 17 de Maio ao 31 de Outubro e desta data ao 12 de Decembro), a celebración oficial do Día. A final, esta institución escolleu (22 de Decembro de 2021) nova dedicataria do Día das Letras Galegas 2021, na persoa da escritora Xela Arias, aínda que recoñeceu que eran moitas as iniciativas que seguirían a celebrar Carvalho Calero.

Efectivamente, así é. No 26 de Setembro de 2020, Galiza Cultura, na súa asemblea anual, decidiu, por unanimidade, estender ao 2021 a celebración debida a Ricardo Carvalho Calero. A Academia usou da súa autonomía. As asociacións e concellos (entre eles, Ferrol e Lugo, cidades especialmente vinculadas á biografía do autor) que secundaron a decisión antedita, tamén usaron da súa. En calquer caso, uns e outros, unhas e outras, réndense á evidencia: non se lembra, en toda a historia longa de celebración do Día das Letras Galegas –desde aquel lonxincuo 1963 en que Francisco Fernández del Riego propuxo e conseguiu a súa fundación– unha celebración tan continuada, variada e plural dunha personalidade galega como a que centra esta conmemoración.

É ben certo que a excepcionalidade da situación socio-sanitaria contribuiu a múltiples iniciativas substitutorias de actos presenciais (e a unha maior utilización de mostras videográficas e audiovisuais), mais é igualmente relevante algo que se nomea moito menos: en palabras correntes, o dedicatario do Día das Letras Galegas de 2020 dá moito de si; conta cunha obra inmensa que apenas chegou a ser minimamente coñecida e valorada; continúa, pois, interpellando a un futuro seu (nós, hoxe) para o que en gran parte escribeu, talvez ao xeito en que na inclemencia dos anos 40 do século XX el seguiu a escribir en galego sen a menor (inmediata) esperanza de publicación, mais sabendo que a Galiza merecía continuar a súa historia autónoma brutalmente interrompida, tamén no campo cultural.

Esta recordación ten a ver directamente coa intención e coa finalidade que inspiran este libro. No máis inmediato, el afilíase a esa decisión mencionada: seguiremos, no 2021, a tratar de Carvalho Calero e da necesaria divulgación da súa obra e do valor da mesma. Non lle pomos data de caducidade. Hai, aliás, un outro motivo máis “egoísta”. Desde aquela miña inxel glosa da primeira novela do escritor, en 1981 (co gallo da primeira homenaxe que se lle dispensou en vida, a cargo da Sociedade Cultural Medúlio, de Ferrol), até este mesmo ano 2021, xa van alá catro décadas (asusta a pasaxe do tempo). Os artigos e estudos que este libro recolle son a amostra dunha dedicación agarimosa e admirativa á persoa e á obra carvalhiana, moito antes e fóra de calquer celebración institucional (por certo, longos anos impedida ou entorpecida). Non sei se foron oportunos, mais, desde logo, oportunistas non foron. Naceron dun duplo impulso: o recoñecemento-admiración pola súa obra e por todo o que dela aprendemos e a devoción por unha persoa que tanto traballou e entregou ao servizo da súa nación, na mellor forxa dos mestres que lle ensinaron o amor con obras á Galiza.

É este, pois, un libro parcial? Totalmente. Mais non vocacionado a erguer pedestais que logo se erguen, logo se derruban, senón moito interesado en coñecer, construír e recoñecer a nosa memoria histórica, por expresármolo cun sintagma ben familiar aos nosos días. Só se pode construír unha crítica consistente, unha superación do pasado, un avance do coñecemento real, a partir do xa feito, elaborado e edificado por quen nos precedeu. Souboo ben Carvalho. El non padeceu andazo edípico nengún. Non matou o “pai” para se autoafirmar. Eu tampouco. Debe de ser que captei hai moito tempo o valor da imaxe do palimpsesto que a escritora Marica Campo utilizou en artigos seus para definir toda literatura, todo discurso, por novo que se pretender.

Tamén admito e recoñezo o peso da idade. Do mesmo xeito que nos decatamos, tantas veces, de comprendermos os nosos proxenitores cando nos aproximamos ou xa nos instalamos na idade que eles tiñan cando eramos seus fillos-fillas adolescentes ou adultas-os novos (e é entón cando comprendemos cabalmente moitas decisións, actitudes e comportamentos tantas veces inadmitidos ou protestados), do mesmo xeito, digo, precisamos tamén chegar a certa idade para captarmos en toda a súa profundidade e riqueza pensamentos e xuízos críticos que antes naufragaban no oceano da nosa ignorancia. Algo así se pode aplicar ao noso escritor e profesor.

Este libro é, xa que logo, decididamente, un testemuño e unha propaganda. Recolle unha selección de traballos diferentes: aproximacións á súa obra literaria, estudos de corte máis académico, artigos de prensa. De todos eles, indícase lugar e data de publicación, aspecto que nos semella imprescindible para os contextualizar debidamente. Hai visíbeis repeticións. Non as eliminamos nen facemos remisión dun traballo a outro, para non rachar mesmamente a unidade interna de cada un deles. A quen

ler pido que disimule a redundancia. Quixen retratar, non ratificar nen recompoñer. Carvalho Calero é merecente de ser coñecido en por si, non de ser reificado á nosa comeñencia. Antes de acordar ou de diverxer, cómpre coñecer. Por certo, neste labor de o coñecer, non sobraré reiterar que a súa obra, inmensa e intensa, é moito máis do que un código ortográfico ou unha posición filolóxica.

Aforro glosar aspecto nengún dos traballos incluídos neste libro. Todos eles están revisados e actualizados no sentido de corruxir algúns anacronismos e grallas observadas, incorporar algún comentario ou suprimir algunha reiteración, mais non retocados no seu contido, ortografía incluída. Para ben ou para mal, eles son elocuentes en por si, e a leitora ou o lector poderán xulgar se teñen algunha utilidade. En todo o caso, están todos vocacionados para conseguir que tome corpo esa necesidade tan ben expresada polo noso escritor: rectificar a historia. Así se expresou na derradeira entrevista longa (1989) concedida ao profesor Francisco Salinas Portugal, pouco tempo antes do seu falecemento. Tamén profesamos, con el, unha outra palabra de orde: cómpre esperar contra toda esperanza. Engadiremos, se se nos permite, que, igualmente, cómpre alimentar esa esperanza con feitos, con obras. Nen máis nen menos que as que el escribeu e realizou durante toda a súa vida.

O meu agradecemento sincero a amigas e amigos como Margarida e M^a Victoria Carballo Ramos, Marica Campo, Manuel Castelao Mexuto, Xoán Costa, Vicente Araguas, Ana Gravata, Carme Cao Vilariño ou Carme Cociña, que atenderon os meus requerimentos de información ou que me axudaron coa súa compañía e sempre proveitosas suxestións. Agradecemento extensivo á editora Laivento, personificada en Afonso Ribas, sempre atento e hospitallario. Do amigo e colega Manuel Castelao, só podó dicir que me faltan as palabras para estimar a súa colaboración,

o seu xenio creador (que dirían no XIX) e a súa xenerosidade. Benia a el. A todas-os vostedes, que ben lles preste a lectura deste libro tan querido pola autora, desexo acompañado da maior fortuna na saúde e no benestar de todos nós.

Galiza (A Coruña), 9 de Febreiro de 2021

ÍNDICE

Limiar	7
Ricardo Carvalho Calero: A ciencia ao servizo da nación	13
O pensamento de Carvalho Calero face ao control político-académico da lingua galega	34
Ricardo Carvalho Calero, construtor da lingua e da literatura galegas.....	62
Os estudos de Ricardo Carvalho Calero sobre Rosalía de Castro: unha achega maxistral	77
Ricardo Carvalho Calero na revista <i>Nós</i>	95
<i>A sombra de Orfeu</i> , de Ricardo Carvalho Calero: o mito clásico ao servizo de uma fantasia masculina?	123
<i>A gente da Barreira</i>	141
A narrativa de Carvalho Calero	148
“Irmáns viaxeiros nunha noite de tebras...”	152
A lingua, “agarimo de tradición e arma de progreso”	155
A transmisión da literatura galega: alarma por un atentado ...	163
Carvalho Calero, onte e hoxe	177
Ricardo Carvalho Calero: silencioso e silenciado.....	181
Un verso infeliz.....	186
O recoñecemento en vida, antídoto da desmemoria.....	189
Ricardo Carvalho Calero: ciencia e nación.....	192
Por que celebrarmos Carvalho Calero?.....	197
Manifesto 17 de maio de 2020	202

Carvalho Calero, sempre con Galiza206
A filosofía lingüística de Carvalho Calero.....208